



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO  
CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 16 DE  
SSETEMBRO DE 2017.

### ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.  
Adolfo Puch Domínguez

### ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

Antonio Alemparte Gonzalvo  
José Luis Faro Fortes  
Fernando Fernández Rey  
Jesus Expósito Alonso  
Pedro Outón Nieto  
Adolfo Puch Domínguez

### ESTAMENTO DE ÁRBITROS

Xosé Lois Freixeiro López  
Manuel Domínguez Iglesias

### ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

Agrupación Montañeiros Independientes  
Club Montaña Ferrol  
Club Montañeiros Celtas  
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia  
Club Montaña Xistra  
Sociedad de Montaña Ártabros  
Club de Montaña O Caxado  
Club de Montaña Azimut  
Club de Montaña Ribeira Sacra

Félix Criado Alonso (Presidente)  
Xan Antón Ramírez Gómez (Presidente)  
Lourdes Castiñeiras Souto (Presidente)  
Carlos Garrido Costas (Presidente)  
X. Henrique Freixeiro Cameselle (Presidente)  
Alfonso Louro Fuentes (Vicepresidente)  
Manuel Doce Blanco (Presidente)  
Luis Arcos Fernández (Presidente)  
Xosé Antón Vázquez Pérez

### XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez  
Manuel Domínguez Iglesias  
David Pérez Araujo  
José Manuel Pérez Prego  
Xosé Carlos Rodríguez Pérez  
Fini Maestu Almeida

Vicepresidente 2º e Tesoureiro  
Secretario Xeral e Coordinador de Sendeirismo  
Director da E.G.A.M.  
Director Técnico da F.G.M.  
Vocal de Refuxios  
Vocal Promoción Montañismo Feminino

#### • Apertura da Asemblea.

En segunda convocatoria, comeza a reunión dando o Presidente D. Adolfo Puch Domínguez a benvida ós asistentes.

#### • Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Dado que a acta anterior foi remitida con anterioridade, se pregunta si se pasa a lectura da mesma e se procede a sometela a aprobación.

El Sr. Garrido apunta que o acta correspondente a anterior asemblea ordinaria deberá lerse na seguinte asemblea ordinaria non nunha extraordinaria.



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

O Sr. Criado comenta que non aparecen no acta os puntos de modificación do regulamento electoral, requisitos do voto por correo e a modificación do regulamento da EGAM, se aclara que os dous primeiros puntos non son competencia da asemblea senón da Xunta de Galicia e o terceiro está en mans da comisión delegada.

O Sr. Henrique Freixeiro solicita que as actas sexan enviadas con mais antelación, e solicita que sexa rectificado no acta o comentario que el mesmo fixo, e que non se recolle fielmente o sentido do que se dixo na Asemblea anterior polo que solicita a corrección do mesmo, donde decía que respecto ao baremo que "é un erro que os clubs sexan subvencionados 3 veces".

De seguido se procede a desenrolar a orde do día.

### • Proposta de Cota de Club.

Toma a palabra o Sr. Garrido, expoñendo que para evitar tocar o prezo das licencias os clubs podería aportar unha cantidade a Federación en función do número de licencias de cada un, abrindo a posibilidade de que a Federación aplique a norma según as previsións económicas.

O Sr. Puch comenta que parece que hai una boa evolución coas autoridades da Xunta, e que é previsible que o tema subvención mellore, e non sexa necesario aplicar esa norma.

Os asistentes Sr. Canle, Sra. Castiñeiras, Sr. Rey, Sr. Arocás, Sr. Outón, Sr. Ramírez, Sr. Freixeiro Cameselle, e Freixeiro López, aportan opinións de diferente índole, unhas a favor e outras en contra todas elas con diferentes matices.

O Sr. Freixeiro Cameselle propón a constitución dunha comisión económica, que valore a situación de ingresos e gastos da FGM, e que deberá prevalecer antes que aprobar unha medida de este tipo sin unha análise rigurosa do estado económico.

Debido a tanta diferencia de opinións o Sr. Puch propón elaborar un dossier con maior información económica, para que se poida levar unha proposta documentada, medida que é aprobada pola maioría dos asistentes.

### • Baremo Federativo.

Ó comienzo de este capítulo toma a palabra o Sr. Domínguez, para explicar o resultado da reunión da comisión destinada a creación dun novo baremo más equitativo proposto na asemblea ordinaria anterior. Para o estudio do novo baremo, propúxose unha comisión composta por Club Montañeiros Celtas, Agrupación de Montañeiros Independientes, Club Peña Trevinca, Club de Montaña Xistra, Xosé Lois Freixeiro López, Jose Luis Faro Fortes e Raúl Leiros Gutiérrez.

Na mencionada reunión presentouse por parte dos representantes do Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia, un estudio dunha posible nova distribución ou maneira de repartir dunha forma mais equitativa a partida económica do baremo. A opinión xeral da maioría dos presentes na reunión está de acordo que hai que cambiar esa distribución, cada un aporta a sua opinión totalmente dispar unhas de outras, chegando únicamente ao acordo de eliminar o premio o mellor club, e que debido aos escasos fondos a repartir deberá permanecer igual hasta que se incremente ese importe e volverse a reunir para tomar unha decisión.

Ábrese novamente o cambio de pareceres sobre este asunto na asemblea, volvendo a mesma situación que na reunión da comisión si acadar solucións.



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

O Sr. Domínguez comenta que a análise realizada polo Club Peña Trevinca recolle as pretensións de todos, nos seus diferentes apartados, e que é posible que traballando sobre ela noutra reunión da comisión se alcance un acordo.

Se propón traballar no estudo e mellora da proposta presentada polo Club Peña Trevinca, xa que parece recoller a maior parte das sensibilidades dos diferentes Clubs, o que é aceptado pola maioria dos presentes en votación.

### • Arreglo do Refuxio de Torrebarrio.

Toma a palabra Xosé Carlos Rodríguez para presentar os diferentes orzamentos para a reparación do refuxio de Torrebarrio. A asemblea propón que él mesmo recomende cal dos orzamentos lle parece o mais adecuado, e este presenta un orzamento de 9.530,00€ + IVA, que é o que lle parece a empresa mais fiable. A asemblea aproba en votación por unanimidade o orzamento proposto polo Vocal.

### • Presentación modificacións da Xunta Directiva.

O Sr. Puch explica que por requisito dos órganos superiores se comunica oficialmente en Asemblea a composición da Xunta Directiva reestruturada, que xa foi comunicada con anterioridade a todos os Asembleístas.

#### Rogos e preguntas.

1º.- O Sr. Louro presenta a asociación Escalada Sostible, comentando que están traballando na obtención de autorizacións para a práctica da escalada nas diferentes zonas, obtendo o primeiro permiso para a escalada na zona de Donón. Solicita a os Clubs e socios, que se afilien a esta organización para ter mais forza ante a administración.

2º.- A Sra. Maestu comenta as actividades de Marcha Nórdica, con dous programas, Marcha Nórdica e saude e Marcha Nórdica no ámbito Federativo.

3º.- O Sr. Xan Ramírez solicita que se faga constar nas actas, o nome das persoas que non asisten as asembleas e que se soliciten por escrito as modificacións no acta.

Tamén suxire que se busquen fórmulas para que a participación dos federados no proceso electoral sexa más amplia.

Adolfo Puch Domínguez  
Presidente



Manuel Domínguez Iglesias  
Secretario Xeral